

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2009.

Asistentes:
Alcalde-Presidente:
D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa
Vocais:
D. José Manuel González Alvarez
D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro
Secretario en funcións:
D. Pablo Sánchez Lage
Interventora:
D^a Elena Santos Rey
Excusa a súa asistencia:
D^a Ana María Abad López

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día catorce de outubro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario en funcións, D. Pablo Sánchez Lage e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.
Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior 17 de setembro de 2009.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D. PABLO BERMUDEZ GONZALEZ RELATIVO A ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA EXPOSICIÓN E VENTA DE MOTOCICLETAS E ACCESORIOS EN C/ TOMAS MARIÑO PARDO, 1 – XOVE.

Vista solicitude formulada por D. Pablo Bermúdez González con D.N.I nº: 76.556.436 – Q e con domicilio en Pumariño, 5 (27870 Xove), para realización de obras de acondicionamento de local para exposición e venta de motocicletas e accesorios en C/ Tomas Mariño Pardo, 1 – baixo (Xove) . Expediente nº: 2496/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras de acondicionamento do local, que se pretende realizar, de acordo coa documentación que se achega, subscrita polo Enxeñeiro Técnico Industrial José Manuel López Chao, atópanse dentro do núcleo urbano de Xove.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente o PXOM e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no art. 77 da Lei 9/2002 de 30 de decembro e no art. 120 do Real Decreto 2159/1978 de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento do Planeamento.

Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela en que se ubica a edificación pese a diferenza de Normativa aplicable entre ambos planeamentos, enténdese que se pode outorgar a licenza que se solicita, sempre e cando a mesma se ataña por completo ao solicitado: Acondicionamento interior de planta baixa para exposición e venta de motos e accesorios.

Estas obras adáptanse á ambas Normativas Urbanísticas do Concello de Xove. Normas Subsidiarias e complementarias do planeamento de Xove. PXOM aprobado inicialmente.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As instalacións necesarias para a realización destes traballos deberán estar perfectamente valladas, na zona de arcén, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas, pola súa situación en plena zona urbana.
- As instalacións auxiliares e a propia obra, disporán do correspondente seguro de responsabilidade civil.
- ámbito da instalación deberá estar perfectamente limpo.
- Deberanse satisfacer as taxas correspondentes por ocupación de vía pública durante o tempo de permanencia das devanditas instalacións.
- Tendo en conta que de acordo co proxecto que se achega as obras que se pretenden, terán consideración de obras de acondicionamento, non poderán afectar a elementos estruturais, nin supoñerán aumento de volume.
- Respetarase o primitivo deseño e a tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de acondicionamento ao solicitado.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata as pertinentes medidas de seguridade tanta da execución das obras como da vía.
- A apertura do local para a actividade prevista no proxecto, esta supeditada ao outorgamento da licenza de actividade para este local como exposición e venta de motos e accesorios, en concordancia coas previsións de proxecto e licenza outorgada.
- De acordo con todo o exposto anteriormente, informase favorablemente as obras que se solicitan.
- **Observacións:** Deberase solicitar a licenza de apertura de actividade.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 15.377,07€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 307,54€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUD DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE OBRA PARA VIVENDA UNIFAMILIAR DE CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS, S.L PARA QUE FIGURE D. JOSE RAMON MIGUEZ GONZÁLEZ.

Vista solicitude de Juan Antonio Rodríguez Rodríguez en nome e representación de Construcciones Os Molineros, S.L, con CIF nº: B-27296011 e con domicilio en C/ Salvador de Madariaga, 1 (Foz) de cambio de titularidade de licenza de obra de vivenda sita en Portocelo que na actualidade figura a nome de Construcciones Os Molineros, S.L para que figure como novo titular Jose Míguez González. Expediente: 3353/09 Expediente da Licenza: 2814/06

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal que sinala que á vista da documentación achegada polo solicitante e de acordo cos datos obrantes nos arquivos municipais, faise constar: 1º) En data 11 de outubro do ano 2006 concedeuse licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Portocelo – Xove, de acordo co proxecto redactado polo Arquitecto D. Luís Eijo Valle e con nº. de expediente 2814/06. 2º) Infórmase favorablemente o cambio de titularidade que se solicita, a favor de D. José Ramón Míguez González, quedando invariable as condicións da licenza de obra outorgada no seu día ao inicial titular Construcciones Os Molineros, S.L

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar sita en Portocelo – Xove para que sexa substituído como titular D. José Ramón Míguez González con DNI nº: 77.593.724 –G.

2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

B.3) SOLICITUDE DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO APEADERO Nº 35 RELATIVO A PINTADO DE FACHADAS.

Vista solicitude formulada pola Comunidade de Propietarios do Edificio Apeadero nº 35 con C.I.F nº: H-27199439 e con domicilio en Acceso Apeadero, 35 (27870 Xove), para realización de pintado de fachadas exteriores do edificio. Expediente nº: 3229/09

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, as obras que se solicitan, sitúanse dentro do núcleo urbano de Xove de acordo coas Normas Subsidiarias en vigor.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente o PXOM e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos na totalidade do termo municipal nos termos e condicións sinaladas nos art. 77 da Lei 9/2002 de 30 de decembro e no art.120 do Real Decreto 2159/1978 de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento do Planeamento.

Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto nas NNSS como no PXOM aprobado inicialmente, toda vez que as obras que se pretenden executar, sitúase en ámbolos dous casos dentro de Solo de Núcleo Urbano de Xove, pódese outorgar a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- Habida conta que non se achega documentación descritiva das obras que se pretenden, e pola súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais nin supoñerán aumento de volume, adaptándose única e exclusivamente ao solicitado.
- Respetarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito.
- As instalacións necesarias para a realización destes traballos deberán estar perfectamente valladas, na zona da beiravía, soa sinalización correspondentes, así como a disposición correspondente de luces de sinalización en horas nocturnas pola súa situación en plena zona urbana.
- As instalacións auxiliares e a propia obra disporá do correspondente seguro de responsabilidade civil. O ámbito da instalación deberá estar perfectamente limpo.
- Deberanse satisfacer as taxas correspondentes por ocupación de vía pública durante o tempo de permanencia das devanditas instalacións.

- As obras que se solicitan, durante a súa execución deberán estar perfectamente sinalizadas e tomadas as pertinentes medidas de seguridade vial. Protección de voos e beirarrúas.
- Procede a concesión da licenza sen prexuízo dos correspondentes estatutos da Comunidade de Propietarios.
- Habida conta que de acordo coa documentación que se achega as obras que se pretenden, terán consideración de obra menor e pola súa condición de obras de pintura exterior non poderán afectar a elementos estruturais nin supoñerán aumento de volume.
- Respetarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de remozamento ao solicitado.
- Durante a execución dos traballos tomáranse por parte da contrata as pertinentes medidas de seguridade tanta na execución das obras como da vía.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 963,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 19,62€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.4) ESCRITO DE R-CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. PARA COLOCACION DE CABINAS-NODO EN URBANIZACIÓN PALMEIRO Y C/TOMÁS MARIÑO PARDO.

Vista solicitude formulada por R-Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A. con D.N.I nº: A-15474281 con domicilio en c/ Real, 85 (15003 A Coruña), para realización de obras de instalación de cabinas-nodo coas correspondentes conexións enterradas, con nunha ocupación na acera de 2,31 m2 cada unha, e unha duración de aproximadamente 2 semanas, sitas nos seguintes viais do Concello:

- Cabina-nodo en Urbanización Palmeiro
- Cabina-nodo en C/Tomás Mariño Pardo

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- Durante a realización dos traballos, deberá estar perfectamente valado o ámbito das obras, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición correspondente de luces de sinalización en horas nocturnas.
- Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, así como cumpridos os parámetros establecidos na licenza, a retirada dos elementos auxiliares, así como a reposición das zonas de dominio público en perfecto estado, polas deterioracións que se puidesen ocasionar durante a realización dos traballos.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.660,60€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 33,21€.

4º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.5) SOLICITUDE DE D^a JESUSA LOPEZ LOUZAO RELATIVA A ANULACIÓN DE LICENCIA DE OBRA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA EN TEIXEIRO-XOVE.

Por Secretaría dáse conta da solicitude de D^a Jesusa López Louzao, con DNI nº 33.763.913-M e domicilio en C/ Agramonte, 10 (27870 Xove), en relación á anulación da licencia de obra concedida pola Xunta de Goberno Local de data 9 de xuño de 2009, para a construción de vivenda unifamiliar no lugar de Teixeiro-Xove, .

Vista a documentación presentada, así como o xustificante do pago da licencia concedida por importe de 1.566,37 €; a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda:

1º) Anular a licencia concedida a D^a Jesusa López Louzao para a construción de vivenda en Teixeiro-Xove.

2º) Efectuar a devolución do importe abonado de 1.566,37€.

3º) A notificación á solicitante, os efectos procedentes.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) AXUDAS DE CUSTO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES Ó MES DE OUTUBRO DE 2009.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das axudas de custo da Alcaldía, correspondentes ó mes de outubro de 2009 por importe de 184,82€.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) SOLICITUDE DE D^a. DORINDA MARIA DEL CARMEN LOPEZ LOUZAO DE SEGREGACION DE FINCA SITA EN OS CARBALLAS – XOVE.

Dada conta do escrito presentado por D^a. Dorinda María del Carmen López Louzao, con D.N.I. nº: 33.763.914 - Y, e con domicilio en Avda. Asturias, 3 -3ºC (Ribadeo), no que solicita segregación de finca sita os Carballas – Xove (Polígono 23 Parcela 139) de 7.910m² en tres parcelas, segundo o deseño que se xunta.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico no que se sinala que de acordo coa documentación que se aporta subscrita pola interesada, a parcela cuia segregación se pretende, encontrase dentro da área delimitada como Solo Non Urbanizable de Protección Agrícola.- Artigo 107 .- Normas Subsidiarias do Concello de Xove.

Solo Rústico de Protección Agropecuaria. Artigo 32.B da Lei 15/2004 de 29 de decembro de modificación da Lei 9/2002 de 30 de decembro.

De acordo coa documentación aportada, e referida a actual Normativa en vigor e polas características e situación das parcelas, e ao amparo do artigo da Lei 15/2004 de 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e pertinente a emisión do informe previo da Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural antes da concesión da licenza por parte de este Concello.

Este técnico informa favorablemente a segregación que se solicita, toda vez que por parte da Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural, emitiuse o correspondente informe favorable, para a segregación da finca denominada como “ O Rego” Os Carballas, ten unha superficie de 79as e 80 cas, que e conforme o Decreto 330/1999 de 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, que fixa para o Concello de Xove 20 areas para secano e 20 areas para regadío.

Segregación resultante:

- Finca 124 areas e 23 centiáreas
- Finca 226 areas e 47 centiáreas
- Finca 328 areas e 40 centiáreas.

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de segregación interesada, nos termos recollidos na documentación que consta no expediente.

2º) Dar traslado ó solicitante, do presente acordo así como fotocopia de toda a documentación, os efectos procedentes.

D.2) ESCRITO DA ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA XOVE SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO NA XGL 09/03/2009.

Vista solicitude de D. Ovidio Rouco Otero, en calidade de Tesoureiro da Asociación Cultural Xove, con domicilio en Camiño real, 34 – 4º I (27870 Xove) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 18.000,00€€ na Xunta de Goberno Local de 9 de marzo de 2009.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas.

2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 5.400,00€.

D.3) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSE LOUZAO REGO .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Louzao Rego con D.N.I. nº: 33797552-H, con domicilio en Carballas, 7 (27870 Xove), por morte dun xato, por importe de 300,00€.

D.4) AXUDA DE GANDERÍA A “A MARIÑA, S.C” .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A “A Mariña, S.C”, con CIF nº: J27391556 , con domicilio en Beltran, 3 (27878 Lago), por morte dun xato, por importe de 120,00€.

D.5) AXUDA DE GANDERÍA A “A MARIÑA, S.C.”

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A “A Mariña, S.C.” con CIF nº: J27391556 , con domicilio en Beltran, 3 (27878 Lago), por morte dunha vaca, por importe de 200,00€.

D.6) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. MARIA BENIGNA PEREIRA BARRO .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a. María Benigna Pereira Barro con D.N.I. nº: 33855410-P, con domicilio en Torre, 5 (27878 Lago) por morte dun xato, por importe de 120,00€.

D.7) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. MARIA EUGENIA RODRIGUEZ ROUCO .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a. María Eugenia Rodríguez Rouco con D.N.I. nº:33993528-B, con domicilio en Aspera, 5 (27878 Lago), por morte dun xato, por importe de 120,00€.

D.8) AXUDA DE GANDERÍA A D. DAVID ANSELMO COCIÑA MEITIN .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. David Anselmo Cociña Meitin con D.N.I. nº: 77594179-E, con domicilio en Avda. Diputación, 68 (27870 Xove), por morte dunha vaca, por importe de 200,00€.

D.9) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. MARÍA LOURDES DOMINGUEZ BERMUDEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a. María Lourdes Domínguez Bermúdez con D.N.I. nº: 33302107-Q, con domicilio en Cabandela, 34 (27878 Sumoas), por morte dun xato, por importe de 400,00€.

D.10) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. NATALIA FRA FERNANDEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a. Natalia Fra Fernández, con D.N.I. nº: 77595130-F, con domicilio en Veiga, 3 (27879 Rigueira), por morte dun xato, por importe de 120,00€.

D.11) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. YOLANDA LÓPEZ LÓPEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a. Yolanda López López, con D.N.I. nº: 33994312-J, con domicilio en Acc. Apeadero, 18 – 3ºD (27870 Xove), por morte dun xato, por importe de 200,00€.

D.12) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. YOLANDA LÓPEZ LÓPEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a. Yolanda López López con D.N.I. nº: 33994312-J, con domicilio en Acc. Apeadero, 18 – 3ºD (27870 Xove), por morte dun xato, por importe de 200,00€.

D.13) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. YOLANDA LÓPEZ LÓPEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a. Yolanda López López, con D.N.I. nº: 33994312-J, con domicilio en Acc. Apeadero, 18 – 3ºD (27870 Xove), por morte dunha vaca, por importe de 500,00€.

D.14) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE A VARA-XUANCES, DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a Maribel Guerreiro Abad, con D.N.I. nº: 76.563.291 - V, con enderezo no Centro Social de A Vara (27877 Xuances), na que manifesta que durante o período comprendido entre o 01/02/2009 ó 31/07/2009, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade cos acordos de 14 de decembro de 1998 e 13 de xaneiro de 1999 a tenor dos cales se establece a subvención máxima a percibir por importe de 2.102,34€ e visto que transcorreron outros seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.051,17€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.15) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE A CAMBA-XUANCES DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a. Susana Mariño Parapar, con D.N.I. nº 76.569.629 F, con enderezo no Camba, 22 (27877 Xuances), na que manifesta que durante o período comprendido entre o 01/03/2009 ó 31/08/2009, produciuse unha perda ou déficit no

mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto o sinalado no contrato no que se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 3.000€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.500€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.16) SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE D^a. JOSEFA BERMÚDEZ PALEO.

Vista solicitude formulada por D^a. Josefa Bermúdez Paleo, con domicilio en Reboredo, 7 (27877 Xuances) na que solicita a ampliación de 8 horas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 12 horas semanais.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aumentar o número de horas da solicitante para que pasen a ser 12 horas semanais por un período de 6 meses.

2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Ilia Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.17) SOLICITUDE DE RENUNCIA NO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO FORMULADA POR D^a. DOLORES LAGE COCIÑA.

Vista solicitude formulada por D^a. Dolores Lage Cociña, con D.N.I. nº: 33.704.920-F, con domicilio en Ceranzos, 11 (27877 Xuances) no que expón que e beneficiaria do Servizo de Axuda no Fogar dende setembro de 2009, e que non está interesada en seguir beneficiándose do devandito Servizo, polo que solicita a súa renuncia no Servizo de Axuda a Domicilio que presta o Concello de Xove.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aceptar a petición de renuncia solicitada, e proceder á súa baixa.

2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Ilia Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.18) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D^a. CELSA VAZQUEZ FRA.

Vista solicitude formulada por D^a. Celsa Vázquez Fra, con D.N.I. nº : 76545704-W, con domicilio en Penasagudas, 18 (27879 Monte), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 4 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. Celsa Vázquez Fra como beneficiaria do mesmo, durante 4 horas semanais; debendo aboar o importe de 3,57€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 6 meses.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Ilia Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.19) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D. ANGEL SALGUEIRO BELLO.

Vista solicitude formulada por D. Angel Salgueiro Bello, con D.N.I. nº: 76.520.388-D, con domicilio en Vilela, 7 (27879 Rigueira), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 2 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D. Angel Salgueiro Bello como beneficiaria do mesmo, durante 2 horas semanais; debendo aboar o importe de 4,76€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 6 meses.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Ilia Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.20)CAMBIOS DE TITULARIDADE NO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE.

Por Secretaría dáse conta das solicitudes de cambio de titularidade no subministro de auga que se relacionan de seguido:

<i>Nº referencia</i>	<i>Titular Actual</i>	<i>Novo Titular</i>
59400	Raul Canoura Fernández	Jose Fernández Mourelle
152900	José Luís Fernández Oliva	Mª. Eugenia Mayoral Saboya

Visto o informe favorable do Servizo de Augas do Concello, pola Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria, acorda autorizar os cambios de titularidade solicitados, sinalando que ditos cambios faranse efectivos no bimestre de novembro/décembro 2009.

D.21) ACORDO DE APROBACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.

Vistas as solicitudes formuladas polos propietarios das vivendas, e visto o informe favorable do Servizo de Augas no que sinala que a alta no Padrón de aboados será a partires do bimestre Novembro/Décembro 2009; por unanimidade en votación ordinaria, acordase:

1º) A aprobación da concesión da subministración de auga para uso doméstico para os beneficiarios e para os inmobles para o que se solicita o servizo que se sinalan de seguido:

Nome/Apelidos	Situación Contador
Jesús Lois Arias	Avda. Diputación, 13 – 1º H (Xove)
Maria Cruz Heras Puy	Avda. Diputación, 13 – 2ºE (Xove)
Montserrat Lage Fernández	Camiño Real, 30 (Xove)

D.22) ACORDO DE APROBACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA PARA USO COMERCIAL.

Vista solicitude presentada por D^a. María Inmaculada Pumariño Riguera, con D.N.I. n^o: 33.999.461-X con domicilio en Rego da Parede, 1 (Muras), para subministración de auga para uso comercial para local sito en Avda. Diputación, 55 baixo - Xove; por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que ditas altas xurdirán efectos a partir do bimestre de novembro - decembro de 2009.

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1^o) A concesión do entroncamento solicitado por D^a. María Inmaculada Pumariño Riguera para uso comercial en Avda. Diputación, 55 baixo (Xove).

D.23) APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA LIMPEZA DE MONTES CON ARBOREDO DO CONCELLO DE XOVE 2009.

A proposta da Concelleira Delegada de Agricultura, Gandeira e Montes, que presenta a documentación correspondente; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acordase a aprobación das bases que rexeran para as axudas para limpeza de montes con arborado:

“BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA A LIMPEZA DE MONTES CON ARBOREDO DO CONCELLO DE XOVE

A persistencia do elevado número de incendios e superficie queimada no último decenio en Galicia así como os enormes custos e perdas económicas e ambientais producidas polos mesmos, aconsellan, alomenos polo que atinxe ó Concello de Xove, orientar a política de defensa contra incendios forestais primando a acción preventiva e de vixilancia das zonas de especial risco.

Por iso, de acordo coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en virtude das atribucións conferidas polo artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e os artigos 23 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, establécense as bases reguladoras das axudas para a limpeza de montes con arborado do termo municipal de Xove de acordo co seguinte articulado:

ARTIGO 1.- OBXECTO

É obxecto das presentes Bases regular as axudas a conceder polo Concello de Xove para a limpeza de montes con arborado sitios no Concello de Xove.

Quedan excluídos do obxecto da axuda:

- As fincas que non teñan a consideración de monte
- As superficies de monte que fosen obxecto de axuda na convocatoria de dous exercicios inmediatamente anteriores.

No caso de montes que superen a superficie máxima (polígono e parcela coincidentes) só poderán ser obxecto de axuda durante dous exercicios consecutivos, quedando eximidos durante os dous seguintes.

ARTIGO 2.- FINANCIAMENTO

As presentes axudas financiaranse con cargo ó crédito consignado na partida 533.489 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal vixente, ascendendo como máximo a 40.000,00 €.

ARTIGO 3.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as axudas recollidas nas presentes Bases as persoas físicas que consten como donos do monte mediante escritura ou calquera outro documento lexítimo acreditativo da propiedade do monte, e figuren censados no Concello de Xove con seis meses de antelación á solicitude, continuando ata a concesión da axuda, se procedera.

No caso de beneficiarios de montes pertencentes á mesma unidade familiar, a axuda para limpeza limitarase á unidade, extremo que se acreditará mediante a presentación do último recibo do Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI) de xeito tal que o dereito a unha axuda equipararase coa existencia de un recibo do dito imposto.

O solicitante deberá estar ó corrente do pagamento dos tributos do Concello de Xove e a tal efecto a formulación de solicitude da axuda presupón a autorización para recadar a información que verifique o cumprimento de tal extremo.

ARTIGO 4.- REQUISITOS DO MONTE OBXECTO DA AXUDA

- As plantacións deberán ter unha altura mínima de 1.5 metros, co que o monte non deberá ter a madeira cortada no momento da súa visita polos técnicos do Concello.
- A superficie máxima de monte para a que se poderá solicitar a axuda será de 10 ferrados (7250 metros)

ARTIGO 5.- CONTÍA DAS AXUDAS

O importe subvencionado por metro será o que corresponda en función do crédito presupostario da correspondente partida e o número de solicitudes con dereito a axuda, sempre e cando non se supere a cantidade de 200 €/solicitude.

ARTIGO 6.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro do Concello no período que abarca desde o 2 de novembro do exercicio anterior a aquel para o que se aproban as presentes bases e ata o 26 de febreiro.

En calquera caso, as solicitudes deberán presentarse con anterioridade a proceder á roza do monte.

ARTIGO 7.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Modelo de solicitude a facilitar polo Concello
- D.N.I. do solicitante
- Certificado de empadroamento
- Documentación acreditativa da situación do Monte: ficha do SIXPAC
- Escritura ou calquera outro documento acreditativo da propiedade do monte por parte do solicitante
- Declaración xurada de non ter solicitada ou concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade de ningunha Administración Pública, no modelo facilitado polo Concello.

ARTIGO 8.- TRAMITACIÓN

A tramitación das axudas será efectuada pola Concellalía de Agricultura, Gandeiría e Monte, que poderá requirir ó interesado calquera documentación complementaria para garantir o cumprimento dos requisitos esixidos, tanto na tramitación da solicitude coma na xustificación, para o pago da axuda.

A partires do momento da solicitude a Concellalía de Agricultura resérvase o dereito de comprobar se o monte puidera estar limpo con anterioridade.

ARTIGO 9.- PRAZO DE EXECUCIÓN DO OBXECTO DA AXUDA

Os solicitantes disporán dun prazo que abarca desde o momento da solicitude ata o 2 de abril para a limpeza do monte.

Non se concederán axudas para a limpeza de montes efectuada con anterioridade ó comenzo de dito prazo.

Rematados os traballos de limpeza e con data límite 2 de abril, deberá poñerse este feito en coñecemento da Concellalía de Agricultura mediante o impreso normalizado que a tal efecto se formalizará e no que deberá indicarse a data de remate da limpeza do

monte. Caso contrario, non se procederá a efectuar a visita ó mesmo e entenderase que o solicitante desiste da súa solicitude.

ARTIGO 10.- OUTORGAMENTO DAS AXUDAS

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a concesión das axudas a que se refiren as presentes bases unha vez verificado o cumprimento do obxecto da mesma polos técnicos do Concello.

O acordo de concesión deberá adoptarse no prazo de 3 meses desde a terminación do prazo de limpeza dos montes.

Non se outorgarán as axudas, entre outros, nos seguintes casos:

- Cando o monte rozado ou limpo non coincide co sinalado na solicitude
- Cando no momento da comprobación da limpeza do monte a madeira está xa cortada.
- Cando o Concello na súa laboura de inspección comprobe que o monte foi obxecto de axuda na convocatoria dos dous exercicios inmediatamente anteriores.
- Cando o monte non pertenza ao Concello de Xove ou o seu dono non figure censado no Concello con seis meses de antelación á solicitude.

ARTIGO 11.- INCOMPATIBILIDADES

A percepción das axudas reguladas nas presentes Bases será incompatible con calquera outra percibida das Administracións Públicas para a mesma finalidade.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios académicos en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas. Non obstante, mediante acordo da Xunta de Goberno Local ou resolución de Alcaldía, poderán ser variadas as datas e os prazos de presentación de solicitudes anuais, así como a contía total destinada ó financiamento das axudas.

D.24) MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE FIN DE ESTUDOS PARA O CURSO 2009-2010.

A proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, da que se xunta a documentación correspondente; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acordase as seguintes modificacións das bases que rexerán para as axudas:

- *O prazo de presentación de solicitudes será de 31 días hábiles, a partir do 26 de outubro ata o 30 de novembro de 2.009.*

D.25) MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA BOLSAS E AXUDAS Ó ESTUDO PARA O CURSO 2009-2010.

A proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, da que se xunta a documentación correspondente; pola Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria, acordase as seguintes modificacións das bases que rexerán para as axudas:

- *O prazo de presentación de solicitudes será de 31 días hábiles, a partir do 26 de outubro ata o 30 de novembro de 2.009.*

D.26) APROBACIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE VADOS DO EXERCICIO 2009.

Seguidamente, por Secretaría dáse conta do Padrón Municipal de Vados correspondente o exercicio 2009, o cal consta de 84 usuarios, e ascende a un total de 4.279,20€.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aprobar provisionalmente o Padrón Municipal de Vados, correspondente o exercicio 2009.

2º) A publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado, no caso de que estas non se presentasen.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas e dez minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Pablo Sánchez Lage